



CONCELLO DE POIO

NREF:MC

N. Expediente	1040/2024
F. Apertura	27/03/2024
Serie documental	S0284 - Contratacións de subministración por procedemento aberto
Asunto	DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DECORATIVO DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE POIO DURANTE AS FESTAS DE NADAL 2024-2025, ENTROIDO 2025, FESTA PATROAL DE SAN XOÁN 2025
Trámite	Memoria xustificativa

Introdución

É tradición a iluminación dos espazos públicos máis significativos e das principais rúas do concello coincidindo con diversas celebracións tendo como obxectivos principais promover a imaxe de forma que xere unha maior ilusión na veciñanza do noso municipio para que poida desfrutar sen ter que desprazarse a outros lugares así como xerar unha maior actividade comercial local durante estes períodos, con personalidade propia e que teña presenza en maior número de rúas, prazas e zonas posibles.

Con este obxectivo, o Concello de Poio, promove un procedemento baixo criterios de calidade e baixo criterios de sostibilidade, apostando pola implantación de novas tecnoloxías de menor consumo enerxético e alto valor estético.

Considérase necesario exixir, unha serie de características estéticas e técnicas dos motivos a instalar, así como a regulación dos procesos de montaxe e desmontaxe das instalacións e o mantemento das mesmas durante o tempo que dure o evento.

Sobre as instalacións de iluminación preténdese regular:

- A relación de espazos públicos obxecto do contrato.
- A utilización de motivos de alto valor estético.
- A racionalización dos consumos enerxéticos mediante a utilización de tecnoloxías de alta eficiencia.
- A regulación de horarios de acendido.

Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato será o deseño dos motivos luminosos e dos traballos a realizar para proceder á instalación da iluminación ornamental de Nadal 2024-2025, Entroido 2025 e Festa Patroal de San Xoán 2025 nas rúas e prazas que se detallan na documentación anexa.

Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato: A natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse son:

- Realizar unha iluminación ornamental para a decoración das rúas, prazas e lugares do municipio co motivo Nadal 2024-2025, Entroido 2025 e Festa Patroal de San Xoán 2025 para o cal este Concello non conta ni





CONCELLO DE POIO

NREF:MC

cos medios persoais nin materiais para poder prestar o servizo de adecuadamente.

- Conceder un concurso para o deseño e instalación dun sistema de iluminación de acordo co municipio, con personalidade propia, que ten presenza en tantas rúas, prazas e posibles áreas da mesma e que inclúe certas Unidades singulares, recollendo no PPT as principais directrices técnicas que rexerán nesa instalación.
- Contribuír ao incremento atractivo de Poio mediante a creación dunha estratexia que coordine as diferentes actuacións que concorren no municipio, xerando desexo de acudir ao mesmo, para desfrutar de xeito seguro das distintas actividades ligadas a este momento pensados desde criterios de IDENTIDADE (ocio e cultura).
- Ofrecer a cidadanía en xeral e aos visitantes que a acuda por restas datas a un espazo seguro na que se una a actividade comercial, de ocio e familia, recreando ESPAZOS con diferentes actividades.

División en lotes

Non se prevé a división en lotes.

Visto a artigo 99.3 LCSP que establece que sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse na realización independente de cada unha das partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente salvo nos casos de contratos de concesión de servizos:

- a) Ao haber un único contratista, este pode facer un uso máis eficaz e eficiente dos medios humanos adscritos á execución do contrato e dos medios materiais postos a súa disposición polo Concello de Poio.
- b) Os importes dos lotes quedarían moi desproporcionados facendo pouco interesante o contrato.

CPV

A codificación correspondente para este servizo da nomenclatura de vocabulario de contratos públicos (CPV) é a seguinte:

31500000-1: Material de iluminación e lámparas eléctricas.

31520000-7: Lámparas e accesorios de iluminacións.

34991000-0: Luces de iluminación exterior.

45316100-6: Instalación de equipos de alumeado exterior.

Valor Estimado.

O valor estimado do presente contrato, sen engadir o imposto do valor engadido, ascende ao importe de 153.180,00 euros

Presuposto Base de Licitación.

Por presuposto base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do





CONCELLO DE POIO

NREF:MC

contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e que neste contrato ascende á cantidade de **92.673,90 €**.

Denominación	Importe
Nadal	75.443,50
Entroido	4.549,60
San Xoán	12.680,80

As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación serán descartadas automaticamente.

Prazo de duración.

Festas de Nadal 2024-2025: As datas de iluminación comprenden desde o 1 de decembro de 2024 ata o 8 de xaneiro de 2025

Festas de Entroido: A determinar pola Concellería (aproximadamente no mes de febreiro e marzo 2025).

Festas de San Xoán: A determinar pola Concellería (aproximadamente no mes de xuño 2025).

Prevese unha prórroga do contrato por unha anualidade máis isto é nadal 2025-2026 e festexos 2026.

Presentación de proposicións.

Para a licitación do contrato actual, a presentación das ofertas realizarase exclusivamente a través de medios electrónicos, a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público (en diante Plataforma ou PLACSP).

Condicións especiais de execución do contrato

De tipo social: SI.

A empresa adxudicataria ten que garantir que o persoal adscrito ao contrato recibe formación continuada para desenvolver as tarefas propias do posto de traballo.

Verificación: O adxudicatario previa a adxudicación do contrato deberá realizar declaración responsable deste extremo podendo o órgano de contratación a acreditación de dito extremo en calquera momento despois da formalización do contrato.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

O Alcalde

Ángel Moldes Martínez

